



U.DIDÁCTICA 12º: XEOMETRÍA DO ESPACIO. POLIEDROS	FICHA Nº 1
NOME:	Curso:


1ª) Escribe o nome de cada un dos elementos deste poliedro:




2ª) As dimensións do ortoedro da figura son $a = 2 \text{ cm}$, $b = 2 \text{ cm}$ e $c = 1 \text{ cm}$. Debuxa esquematicamente o seu desenvolvemento, calcula a diagonal principal e a súa área.




3ª) Calcula a área total desta pirámide regular que ten unha base que é un cadrado de 10 cm de lado e a súa altura é de 12 cm :



- 4ª) As bases dun prisma recto son triángulos rectángulos e os seus catetos miden 9 cm e 12 cm. A altura do prisma é 10 cm. Debuxa o seu desenvolvemento e calcula a área total.




NOTA: Lembra que para calcular a hipotenusa do triángulo rectángulo debes empregar o teorema de Pitágoras.




$$x^2 = 12^2 + 9^2; \text{ entón } x = \sqrt{12^2 + 9^2}$$

- 5ª) Debuxa o desenvolvemento desta pirámide e calcula a súa área total sabendo que a súa base é un triángulo equilátero de 16 cm de lado e a súa apotema mide 6 cm:



NOTA: Lembra que para calcular a altura dun triángulo equilátero debes utilizar o teorema de Pitágoras.



$$x = \sqrt{16^2 - 8^2}$$

- 6ª) Quérese construír con arame o esqueleto dun octaedro, de xeito que cada aresta mida 20 cm. ¿Que cantidade de arame será necesaria?

